

# **OS CONFLICTOS BÉLICOS NO GALICIA: A SOMBRA DE ABD-EL-KRIM**

Comunicación do VI Congreso "Comunicación e Guerra na Historia" da Asociación de Historiadores da Comunicación, Universidade de Vigo, Pontevedra, abril de 2003

Autores:

**ROSA ANEIROS DÍAZ  
XOSÉ LÓPEZ GARCÍA**



SECCIÓN DE COMUNICACIÓN  
ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

### **O GALICIA: A CABECEIRA “PROGRESISTA” DO SEU MOMENTO**

Esta comunicación forma parte dun amplo traballo de investigación sobre o *Galicia*, o xornal de Vigo creado por Valentín Paz Andrade e cunha breve historia que abrangue dende 1922 ata 1926, ano en que deixou de saír ó non aturar os ataques da Dictadura de Primo de Rivera. O traballo foi realizado pola Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e consta de dúas partes. Por unha banda temos unha base de datos informática que conta con máis de 24.000 fichas de baleirado dos contidos da cabeceira. Esta base foi elaborada ó longo de ano e medio por catro investigadores (Montserrat Calvo, Fernando Redondo, Marta Pérez e Rosa Aneiros). Xunto a isto creouse un volume de estudos críticos (inédito) no que o persoal investigador abordou cuestións específicas do xornal (xéneros, deseño, liña editorial ou temáticas, entre outros) e diferentes expertos analizaron cuestións de relevo como as institucións políticas, a emigración ou a economía da Galicia do momento.

Esta comunicación que presentamos afonda explicitamente na cuestión dos conflitos bélicos na cabeceira de Paz Andrade, uns conflitos que reflicten non só a inestabilidade da Europa da época con graves guerras abertas como a grego-turca ou a alemán-francesa e, particularmente a de España con Marrocos, senón tamén a manifesta inestabilidade social. A traxectoria da cabeceira recolle os preliminares e a implantación da “dictabranda” do Marqués de Estella. Así, e segundo Raimundo Viejo Viñas:

(...) xa na primeira década do século, a resultas das sucesivas crises de goberno, o complexo sistema clientelar empezou a se crebar. O caciquismo converteuse así no obxectivo político dos movementos sociais emerxentes. En 1917, a conxunción de tres grandes cuestións longo tempo preteridas polos gobernos alternantes desencadearán unha crise constitucional sen precedentes: a cuestión militar, protagonizada polas Juntas de Defensa; a cuestión nacional, encabezada polo catalanismo da man da Asemblea de Parlamentarios; e, *last but not least*, a cuestión social que o movemento obreiro, nas súas expresións anarquista e socialista, fará presente coa convocatoria de folga xeral. O fracaso do “goberno de concentración nacional” evidenciará a incapacidade do réxime para facer fronte á crise. En 1921, o asasinato de Dato e o Desastre de Annual agravarán aínda máis a situación, situando os problemas militares norteafricanos no cerne da política estatal. O risco crecente da “política pretoriana”, o chamamento á intervención dun “cirurxián de ferro” adquirirá progresivamente contornos máis definidos ata que, finalmente, o 12 de setembro de 1923, o capitán xeneral de Cataluña, Miguel

Primo de Rivera, leve adiante o golpe de Estado que instaurará a dictadura militar<sup>1</sup>.

### O xornalismo en Galicia nos anos vinte

Para comprendermos qué foi o xornal *Galicia* na súa época cómpre entender a súa xénese e mais os condicionantes que acocharon a súa creación. Así, o momento histórico da prensa galega á altura dos anos vinte non era un sector moi desenvolvido. Xosé Ramón Barreiro Fernández, quen recolle datos ofrecidos polo profesor Palomares Ibáñez con respecto á prensa galega e española no período 1913-1927, indica que “a situación non só non mellorou senón que empeorou á altura dos anos vinte xa que temos que en Galicia unicamente hai 95 periódicos por 2.210 do resto de España”<sup>2</sup>. Deste cento de medios impresos, o catedrático Barreiro Fernández salienta que os máis importantes do momento en Galicia, segundo a súa tiraxe, eran *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* (entre 12.000 e 15.000 exemplares); *Galicia* (12.000 exemplares); *El Ideal Gallego* (entre 6.000 e 10.000 exemplares), *El Noroeste* (entre 6.000 e 7.000 exemplares) e, finalmente *El Correo Gallego* (6.000 exemplares). Neste contexto comprendemos a importancia do *Galicia*, terceiro en difusión do seu tempo, que renovou en forma e en contidos o mercado mediático daquel momento. “Frente a *El Pueblo Gallego* de Portela Valladares y *Faro de Vigo*, los dos importantes vigueses, surge *Galicia* como alternativa liberal y democrática desarrollada muy activamente a pesar de su corta vida”<sup>3</sup> indica a entrada da Gran Enciclopedia Gallega. A isto engaden Seoane e Sáinz: “Pero la empresa más ambiciosa del nacionalismo, “nunca superada por el galleguismo hasta hoy”, según Beramendi, fue la fundación en Vigo del diario *Galicia*, dirigido por Valentín Paz Andrade, que se publicó desde el 25 de julio de 1922 hasta 1926 en que desapareció por la persecución gubernamental de la dictadura”<sup>4</sup>. O *Galicia* bebe da modernidade da cabeceira madrileña *El Sol*, xornal que deixou un selo claro na cabeceira viguesa en contidos e deseño e tamén de *El Noroeste*, xornal coruñés no que Paz Andrade iniciara os seus pasos no xornalismo.

A través do decorrer do “Diario de Vigo”, albiscamos os condicionantes históricos que marcaron a súa traxectoria profesional. Non en van, o *Galicia* escolleu para saír á rúa unha data de abondo significativa, o 25 de xullo, que coincide coa celebración do Día de Galicia. Así mesmo, ó instaurarse a Dictadura de Primo de Rivera, no mes de setembro do ano 1923 o xornal sufriu innumerables dificultades que se concentrarían nunha total falla de liberdade de expresión e que desembocou na suspensión gubernativa do 24 de decembro do 1925. Aínda que vovera renacer, o

---

<sup>1</sup> VIEJO VIÑAS. RAIMUNDO: “As institucións políticas. Breve contexto histórico-político da Galicia dos anos vinte” en “Estudios críticos do xornal Galicia”, Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega (inédito)

<sup>2</sup> BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: “A prensa galega na idade contemporánea” en *Galicia. Historia*, tomo VI. A Coruña: Hércules Edicións.

<sup>3</sup> Entrada Paz Andrade, Valentín na *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, 1974; p.90.

<sup>4</sup> SEOANE, M.C. e SÁIZ, M. D.: *Historia del periodismo en España. (3. El siglo XX: 1898-1936)*. Madrid: Alianza Universidad, 1996; p. 288.

*Galicia*, que non conseguiría superar unha serie de problemas económicos, desapareceu definitivamente o 15 de setembro do 1926.

### **Xénese e características do *Galicia***

O *Galicia* naceu e medrou alentado economicamente por Ernesto de Cádiz Vargas, cónsul honorario de Chile na Coruña, o que xustifica o peso da información americana na cabeceira. No terreo ideolóxico, a publicación defendeu a autonomía política galega dentro do xogo democrático, así e como a causa das liberdades e das reivindicacións políticas, sociais, económicas e culturais. Ramón Piñeiro<sup>5</sup> chegou a sinalar con respecto á aparición da cabeceira que “compre reparar na importancia deste feito por se tratar dun dos acontecementos verdadeiramente importantes no gran esforzo anovador que o galeguismo levou a cabo nos comezos do século XX. Partindo da creación das Irmandades da Fala en maio de 1916, que abriron un horizonte novo no proceso recuperador da autoconciencia galega, fóronse producindo iniciativas fundamentais encamiñadas á procura e realización dunha Galicia nova, tales coma o movemento nacionalista en 1918, a revista *Nós* en 1920, o xornal *Galicia* en 1922, o Seminario de Estudos Galegos en 1923, a editorial *Nós*, etc....”.

No que toca á concepción técnica, era un xornal de doado manexo e innovador con arelas de modernidade, pretensión que se viu favorecida coa contratación de noticias da axencia Febus e que se pon de manifesto no editorial do primeiro número, asinado polo propio director, Paz Andrade: “Queremos ofrecer al público un nuevo tipo de publicación diaria, que venga a ser como una viva síntesis informativa de cuanto deba proponerse al alcance de conocimiento popular, y a la par, una tribuna abierta a todas las nobles pugnas ideales donde los mantenedores solventes de pensamientos y opiniones, han de ser acogidos con igual trato de libertad y cortesía”<sup>6</sup>. O periódico amosou desde sempre unha vocación europeísta, confección coidada e profundidade nos temas desenvolvidos. A opinión era vibrante, decidida e comprometida co receptor. Como resultado temos o establecemento dunha cabeceira que, finalizada a etapa máis puramente opinativa, dá un paso cara a un modelo de xornal claramente mercantil e de información xeral. A predominancia dos xéneros xornalísticos informativos (principalmente a noticia) será o grande expoñente deste tránsito.

Convén referirse tamén ó equipo humano como outro dos grandes baluartes do *Galicia*. Aquí cómpre sinalar, xunto co director, Valentín Paz Andrade, unha importante xeira de persoeiros ilustres da época como Rafael Dieste, Díez de la Isla, Lago Fontán, Manuel Lustres Rivas, Manuel Antonio, Roberto Blanco Torres, Villar Ponte, Vicente Risco ou Otero Pedrayo, ademais dos caricaturistas Cebreiro, Méndez e, por suposto nun lugar sobranceiro, Castelao. O esforzo de todos

---

<sup>5</sup> PIÑEIRO, RAMÓN: “Presencia de Valentín Paz Andrade no galeguismo” en VVAA: *Paz Andrade. Homenaje. Academia Galega das Ciencias*. Pontevedra: Deputación provincial de Pontevedra, 1991, pp. 90

<sup>6</sup> Editorial do *Galicia* datado o 25 de xullo de 1922.

eles contribuíu a facer do *Galicia* unha cabeceira moderna en contido e en forma, unha auténtica referencia para xornais que o sucederían ó longo da historia do xornalismo en Galicia que vén de cumprir o seu segundo centenario de existencia e da que hoxe somos testemuñas.

O *Galicia* concluiría deixando na historia do xornalismo galego un selo indeleble pola súa calidade no deseño e, sobre todo, a súa madurez periodística que lle permitiu enfrontarse ás circunstancias históricas adversas que lle tocou vivir. Malia que a consecuencia da súa negativa a claudicar ó poder imposto e a súa ética profesional fose a propia desaparición da cabeceira.

### TEMÁTICAS. OS CONFLICTOS BÉLICOS

A temática abordada polo *Galicia* é moi diversa. Tendo en conta que o xornal tiña en Vigo a súa zona de influencia, enténdese que a información local resulta moi importante no conxunto, especialmente aquela referida a termos de certa conflictividade. Malia isto, as condicións histórico-políticas do momento obrigan ó xornal a abrir o seu campo de interese a temas directamente relacionados coa política estatal e europea. Ademais, e por cuestións relativas á propia xénese do xornal, a actualidade americana está tamén moi presente nas súas páxinas. Para facérmolos unha idea, e botando man da base de datos do xornal (que conta con 24.000 entradas) esta é a distribución das temáticas principais.

#### ÍNDICE DALGUNHAS DAS PRINCIPAIS TEMÁTICAS DO XORNAL GALICIA

Cultura	1850
Deportes	501
Economía	1487
Ciencia Tecnoloxía	51
Política	5614
Publicidade	7202
Sucesos	1203

Cadro 1

Como vemos no cadro anterior, o tema predominante (exceptuando a publicidade, que no *Galicia* conta cun peso relevante) é a política. Dentro deste campo debemos especificar o peso da información de carácter conflictivo a nivel social e bélico, o que nos dá o seguinte resultado

**RELACIÓN DAS PRINCIPAIS CUESTIÓNS DE CARÁCTER CONFLICTIVO INCLUÍDAS NO CAMPO DA POLÍTICA**

Guerra	951
Marrocos	737
Folga	149
Conflicto	282
Agrarismo	143
Exército	594
Atentado	46
Sindicalismo	45

Cadro 2

Este cadro amósanos claramente a relevancia que este tipo de información ten no *Galicia*. A continuación, abordaremos cómo se reflicte esta importancia nas páxinas do xornal dende o punto de vista cualitativo con dous eixes fundamentais: os xéneros xornalísticos e tipoloxía dos conflitos.

#### **A. TIPOLOXÍA**

Englobamos os conflitos do *Galicia* en tres amplos apartados segundo o seu peso na cabeceira:

1. Conflictividade social en España
2. Conflictos europeos
3. A guerra contra Marrocos

##### **1.- A conflictividade social en España**

As consecuencias da Primeira Guerra Mundial que se poden resumir no incremento exorbitante dos beneficios da clase empresarial ó tempo que os asalariados asisten progresivamente a unha merma do seu poder adquisitivo dada a tendencia alcista dos prezos, estarán na base da conflictividade socio-política que vive o país entre 1917 e 1923. Nesta última data intenta darse solución á crise de hexemonía que vive o grupo social dominante a través do pronunciamento do xeneral Primo de Rivera<sup>7</sup>.

---

<sup>7</sup> DE LA PEÑA SANTOS, ANTONIO E OUTROS: *Historia de Vigo*. A Coruña: Vía Láctea editorial, 1999, p.305

O *Galicia* é testemuña deste alto grao de conflictividade social que se está a vivir no Estado Español e así se pon de manifesto na información que aparece a miúdo en portada e na Sección “De España y del Extranjero”. As folgas estendidas nos anos vinte a moitas cidades españolas produciron fortes represións policiais, especialmente en Barcelona. O xeneral Martínez Anido aplicou a Lei de fugas acordada en xaneiro de 1922 baixo o goberno de Dato e só nese mes morreron 21 obreiros nas rúas catalanas, entre eles os sindicalistas Boal, Salvador Seguí e o republicano Layret. O xornal vigués é eco neses anos das sublevacións sindicais en Asturias e Biscaia (mineiría), a folga dos funcionarios de correos, os impresores da Coruña, os carpinteiros, os agrarios ou os traballadores textiles alacantinos. Os asasinatos provocados por conflitos obreiros (morte de líderes sindicais) e os posteriores xuízos resultan de notable importancia. É o caso do atentado contra o sindicalista catalán Pestaña ou o “Proceso por la muerte de Dato”, que recibe unha especial atención periodística. Eduardo Dato quen fora xefe do Goberno en 1914 e responsable da neutralidade española na Gran Guerra, proclamara a polémica Lei de fugas pola que sería asasinado por un anarquista. No xuízo, seguido puntualmente polo *Galicia*, o acusado Mateu acuñou a famosa frase: “Yo no disparé contra Dato sino contra el gobernante que autorizó la Lei de Fugas”.

Outro dos indicativos da alta conflictividade social do momento e que teñen especial relevo na cabeceira de Paz Andrade é o agrarismo. As folgas agrarias de novembro de 1922 tiveron como resultado dramático a morte de 3 persoas en Guillarei, posteriores represalias, repercusións políticas no propio Congreso dos Deputados e movementos asemblearios de amplo seguimento cidadán. Isto levou ó *Galicia* a dedicar á cuestión numerosas páxinas de información, reportaxes e opinión na que deixaban manifesta a súa radical condena ós sucesos e denuncia da pasividade dos políticos e da actuación das forzas públicas.

## 2.- Os conflitos europeos

No *Galicia* percíbense perfectamente as consecuencias aínda convulsas da Primeira Guerra Mundial. As Sección “Por Europa adelante” e “De España y del extranjero”, acollen a miúdo o longo elenco de guerras que teñen o continente europeo como escenario. Estes son algúns deles.

### 2.1. A guerra civil en Irlanda

### 2.2. O auxe do fascismo en Italia

2.3. O conflito entre Grecia e Turquía do ano 1922 (Ex: “La guerra en el Oriente de Europa”: (09/09/22). Noticia sobre a guerra que enfrontaba a Grecia e Turquía. Organízase nas seguintes informacións: El ejército turco sigue avanzando; Gestionando el armisticio; Los ingleses residentes en Smirna; El gobierno griego achaca el desastre a la indisciplina del ejército; las pérdidas de los griegos; ¿El rey Constantino huye de Atenas?).

2.4. Conflicto franco-alemán do Ruhr. O equipo xornalístico do *Galicia* decátase da difícil situación que se pode producir de novo no territorio a carón de Rhin e do Sena e a actualidade informativa volve estar embargada por esta zona na que se rexistran continuos movementos de tropas. O ton é relativamente alarmista e preocupante.

“Francia y Alemania. El momento europeo” (12/01/23) na que se di: “Las tropas francesas han ocupado Essen. Enérgico discurso del jefe del Gobierno prusiano” e “La invasión de Alemania ha comenzado. Francia y Bélgica notifican diplomáticamente a Alemania su actuación. La actitud de Francia en una violación del Tratado de Versalles. El embajador de Francia en Londres fue al Foreign Office. Una proposición de Italia. En el Senado norteamericano. Comunistas detenidos (La cuestión de las reparaciones)”. Esta actualidade determina o xurdimento de novos xéneros periodísticos no *Galicia*, como é o caso da aparición de modernas infografías na cabeceira. Na información “El conflicto franco-alemán. Gráfico de la cuenca del Rhuhr” aparecida o 16/01/23 encontramos por vez primeira un gráfico na portada. Trátase da mestura entre mapa político (localización dos principais focos conflictivos) e de mapa orográfico de notable valor informativo.

### 3.- A guerra no Rif

É o principal conflito bélico abordado polo *Galicia*, no que se reflicte o eco dramático do Desastre de Annual e a longa estela do dirixente africano Abd-el Krim. As razóns desta focalización informativa do tema son eminentemente políticas (repercusións da matanza do ano 1921 en Marrocos cando as tropas marroquís derrotaron nunha noite as tropas do xeneral Silvestre); sociais (embarco continuo de soldados para a fronte e sangría económica) e, tamén, persoais. Non podemos esquecer que Valentín Paz Andrade, que en 1921 xa tiña cumprido o servizo militar en Pontevedra, foi chamado a filas. Embarcou co Rexemento de Murcia, en que el ficara adscrito, no porto de Vigo camiño de África. Valentín estivo destinado en Laucien e Xauén uns meses ata ser evacuado a Galicia por mor dunha afección de pel. Esta experiencia marcou unha fonda pegada no seu espírito xornalístico. Como consecuencia, a súa percepción do conflito bélico aberto en terras africanas terá un ton bastante crítico e, tamén, pesimista. Así e como veremos, o propio xornal exerce como motor de campañas de concienciación e mobilización social contra os infortunios da guerra.



O desastre de Annual de xullo de 1921, que tivo como resultado máis de 14.000 baixas no exército español en África, será a sombra que planea no mundo político provocando numerosos altos e baixos no goberno. Maura, nomeado xefe do goberno, foi incapaz de desbloquear a investigación do xeneral Picasso, encargado de precisar as responsabilidades da derrota. Sánchez Guerra, que o substituíu, tivo a enerxía suficiente para procesar o xeneral Berenguer, como maior responsable, así como para destituír os xenerais Martínez Anido e Arlegui dos seus postos policiais en Barcelona. A información sobre a guerra de Marrocos adoita aparecer en portada, “De España y del Extranjero” e “Últimos telefonemas”, normalmente con títulos de subsección como “España y los moros del Rif” ou “España y los moros en guerra”. No apartado dos xéneros analizaremos polo miúdo os principais temas tratados polo *Galicia* e o seu posicionamento con respecto a eles.

### **A capacidade de mobilización cidadá: as campañas do *Galicia***

O *Galicia* emprende numerosas campañas “propias” por causas sociais ou políticas que considera dignas de atención e protesta. Neste sentido, entendemos que non só funciona como voceiro de demandas da sociedade senón como actor social que inicia accións que despois serán secundadas pola cidadanía. Atopamos os exemplos máis destacables no tratamento da guerra de Marrocos. Así organiza campañas pedindo a fin do conflito no Magreb (outubro do 23) ou a demanda do retorno do Batallón de Murcia instalado en Xauen (África). Neste último caso, o xornal non só se implicou na petición senón que participou como elemento activo nas demandas da cidadanía. Ademais de seren os primeiros en daren a noticia (orgullo polo que litixiarán co *Faro de Vigo*) e encheren as rúas viguesas de carteis, contaban con datos dos que carecían os propios implicados e incitaban ós políticos a se pronunciaren ó respecto e facer as dilixencias oportunas. Reproducimos a denuncia que fan da actuación do “decano”:

Galicia ha sido el primer diario vigués que sirvió al público la gratísima nueva, fijando carteles en los vitrales de Las Colonias y del Nuevo Café. Y ocurrió que el otro periódico matinal, a los pocos minutos de haberse fijado los carteles de Galicia, colocó uno en el Casino; pero tan poco hábil fue en la apropiación de una noticia que a la hora aquella no tenía que copió textualmente nuestra información. Esta copia textual es una acusación rotunda para el rotiplano, pues se da el caso de que una noticia que nos es comunicada a viva voz la presenta como suya, redactada con las mismas palabras y dispuestas estas en el mismo orden que nosotros. Como se ve, el periódico matinal no repara en medios para aparentar una información que no posee y llega hasta el punto de aprovechar una noticia exclusivamente nuestra y que el no podía poseer en aquellos instantes para darla como suya. Siga el diario matinal esta táctica, propia de publicaciones de ínfima categoría y de absoluta insolvencia, que nosotros no hemos de oponernos a que la

emplee aunque en cada caso recabemos lo que es nuestro, como lo hacemos en este. (6/10/22).

Estas campañas, ademais da repercusión mediática, tiveron unha fonda repercusión social. A organización das familias, a recadación de cartos, as manifestacións e os pedimentos oficiais ás autoridades para evitar o envío de tropas a África e solicitar o inmediato retorno dos mozos na fronte, acadaron un éxito notable entre a cidadanía.

## B.XÉNEROS

O uso dos xéneros é moi similar en toda a tipoloxía dos conflitos. O tipo de relato xornalístico do *Galicia* difire bastante do que actualmente concibimos como discurso periodístico. As súas características fundamentais residen na narración cronolóxica e na clara influencia literaria. Ademais, a información aparece presentada en pequenos apartados, o que dá lugar a un deseño fragmentado dos datos favorecido polos emprego dos epígrafes en negriña como elemento diferenciador (isto revélanos a influencia do Telégrafo). O xénero xornalístico máis empregado na redacción da cabeceira viguesa é a noticia, aínda que a opinión ten un peso notable, especialmente no caso dos conflitos bélicos.

**Información:** Os xéneros predominantes son as noticias, reportaxes e crónicas, en que teñen moita importancia os testemuños presenciais dos sucesos (por exemplo: “Lo que cuenta un preso”). O ton informativo empregado non é neutro en absoluto senón que esta marcado por un forte carácter patriótico e de arenga.

Habitualmente a información bélica cóbrese mediante declaracións de políticos (Sánchez Guerra, Burguete...); “Lo que cuentan los periodistas”, é dicir, noticias dos enviados especiais, non da cabeceira senón da axencia FEBUS; Partes oficiais; Noticias de baixas, movementos, ataques e substitucións na fronte. Un exemplo significativo deste tipo de información sería esta noticia moi extensa sobre a guerra de Marrocos en que podemos ler estes temas:

Soldados que vuelven; Los restos de un jefe; Los marinos visitan un campamento del Tercio; Regreso de un convoy; Aviación; Convoy y reconocimiento; Los prisioneros; El "España núm. 5"; El cadáver de un capitán; A Tetuán; Dos noticias; Bombardeo aéreo; El Rausuni; Zoco de El Jemis; Otro zoco; Notas diversas; Burguete enfermo; Abd-El-Krim no ceja en su afán de buscar adictos; Regulares a España; Audacia de un moro.

Por outro lado, existe un cuestionamento total dos partes oficiais, o que provoca que o xornal recorra frecuentemente á **‘fumoroloxía’** propia dos conflitos (ex. ¿Abd el Krim herido? (20/08/22); ¿Abd-el-Krim propone el rescate de los prisioneros? (26/08/22). Engadimos un caso interesante deste tratamento informativo:

(25/10/22) “Últimos telefonemas. Siguen los rumores alarmantes sobre la situación de Castro Girona”: Siguen los rumores alarmantes sobre la situación de Castro Girona. Ha producido muy buena impresión el revés sufrido por el cabecilla moro, sobre todo al saberse que ha sido batido por la harca amiga. En cambio se insiste en los rumores alarmantes respecto a la situación de Castro Girona. Se sigue afirmando que es bastante comprometida. Nota de la redacción: Aunque no pasan de rumores que ojalá no lleguen nunca a confirmarse la situación en la zona de “Tetuán de la columna de Castro Girona no creemos haya motivo de alarma para nuestros soldados de Murcia. Sabido es que hace varios días nuestro batallón fue retirado de las posiciones dirigiéndose a Ceuta con orden de embarcar y desde este punto al lugar donde se halla Castro Girona es mucha la distancia, pues antes existen numerosos campamentos: todos los de la zona de Tetuán”.

O recurso á **entrevista** é escaso pero tamén atopamos algúns exemplos:

“Declaraciones del general Losada: (09/09/22)El nuevo jefe de la Comandancia de Melilla emite juicios sobre la acción de España en África y expone un plan de reorganización militar”. Reportaxe de citas recollida das declaracións do xeneral Losada a un xornalista. Hai citas, que veñen marcadas por un guión, que se transmiten literalmente, e outras pr medio do estilo indirecto.

Cómpre mesmo destacar que, incluso na información, a **crítica** á guerra de Marrocos pola dilapidación de cartos das arcas españolas na campaña bélica resulta recorrente: “Lo que Marruecos cuesta a España. Cuatro mil trescientos millones de déficit” (29/10/22).

**Opinión:** O xénero da opinión é un dos grandes baluartes do *Galicia*. A portada está constituída por artigos en que a sinatura de ilustres colaboradores é o reclamo fundamental. A guerra de Marrocos, xunto cos asuntos de carácter local, resulta unha das cuestións máis atractivas para os columnistas. Así, atopamos unha gran cantidade de opinións vertidas sobre este tema tanto nos editoriais (nos que se perfilan as intencións de Paz Andrade) como nos propios textos asinados por Villar Ponte, Lustres Rivas, Blanco Torres, Virgilio Garrote, Rafael de las Heras, Rarito, Caramiñas, Bernard Marcel Porto ou Fray Antón de Laíño, quen tivo unha sección diaria en 1923 titulada “Galicia en Marruecos. Mosaicos del Rif”. Ademais da opinión escrita, salienta o humor gráfico de Castela, para quen a crítica do conflito africano tivo unha importancia prioritaria. Practicamente todas as opinións formuladas no xornal camiñan na mesma dirección: a repulsa absoluta da guerra en Marrocos por mor das consecuencias que a nivel social, económico e político están a ter en España. Os colaboradores, con maior ou menor acidez, non deixan de amosar a súa

inconformidade coa maneira en que o goberno de Madrid está a prolongar o conflito alén de Xibraltar.

A proclamación da República do Rif por Abd-el-Krim, que crea un embrión de exército e administración, convertéao nun inimigo acérrimo de España e motivo de todo tipo de desacreditacións. Pero non só serían os dirixentes africanos os centros da ira do xornal vigués xa que os propios cargos políticos estatais resultan criticados con especial dureza como responsables do desastre marroquí. “Hay que salir del avispero africano” ou “Lo natural sería acabar con la aventura rifeña” preséntansenos como títulos de editoriais o suficientemente indicativos do posicionamento do xornal. Con todo, o máis significativo do tema africano é a propia implicación explícita da cabeceira na campaña contra a contenda. O día 9/10/23 o *Galicia* titula “Nosotros los periodistas, no seremos responsables de nuevas desventuras africanistas” no que expón unha denuncia realizada polas xuntas militares á cabeceira por mor do editorial do día anterior no que explicaban “La algarada africanistas. Que vayan solos”. Esta opinión indignou ás autoridades e o xornal vigués deféndese dicindo que “y ello indica, opinen como quieran *determinados elementos* que los periodistas del centro y de la periferia de España, no estamos dispuestos porque somos pueblo que sufre, paga y llora los desaciertos de quienes mandan, a cargar con las responsabilidades de futuras malandanzas en el Rif”. Os días 10 e 11 de febreiro os editoriais seguen centrados nesta cuestión co significativo titular “Ante el intento de renovar la guerra la opinión gallega se manifiesta en contra de la pretendida aventura africanista. Adhesiones a nuestra campaña” en que se inclúe a adhesión de persoeiros da sociedade galega como Javier Lugo, José Pérez Torrado, Rafael Bahamonde, Casimiro Piñeiro, a Irmandade Nazonalista Ourense, a Irmandade Nazonalista Santiago, Prudencio Rey ou Ramón Ruibal quen felicitan ó *Galicia* pola súa campaña pacifista. A experiencia do director no conflito bélico do Rif e as consecuencias económicas e sociais que esta entraña no Estado Español fan que a campaña pacifista non admita concesións nas páxinas do xornal.

A forma do traslado de soldados á fronte (“Como son llevados los soldados españoles a la guerra”, 21/09/22), as duras condicións en que sobreviven os homes en África (das que o propio Paz Andrade foi testemuño co seu alistamento en tropas africanas) e as cruentas historias relatadas polos superviventes (“Lo que recuerda una mujer”, 8/02/23) son algúns dos motivos dos editoriais dos anos 1922 e 1923. Sen embargo, as principais cuestións analizadas resúmense nos seguintes ítems.

-Crítica á política do Estado e demanda da fin co conflito:

Embarque de los soldados del 21” (7/09/22) en que “Información sobre o embarque dos soldados do 21 a Africa completada cun artigo de opinión, destacado en cursiva, en que

se opina sobre a situación en África: cada vez que temos que recoger una nueva noticia relacionada con la perpetuación de la campaña marroquí, vibra en nuestra pluma un mismo ímpetu de indignación.

Hay que hacer efectivas las responsabilidades políticas. Liquidación del desastre, 16/04/23)

-Desconfianza da información emitida polo goberno con respecto ó conflito.

Editorial: “El anuncio de la paz. Glosa del día” 23/09/22 Editorial en que se comenta o anuncio da paz en Marrocos con Abd-El-Krim. Fálase da sorpresa producida por esta noticia e da desconfianza dos cidadáns con respecto a calquera tipo de avance. Dúbidas sobre a obtención dunha paz definitiva.

-Crítica á sangría social que supón o envío de tropas a África. Neste aspecto conflúen as grandes teimas informativas da cabeceira de Paz Andrade: os conflitos bélicos e os asuntos de carácter local.

-“El dolor que merecemos”. M Lago Fontán. (12/09/22). Artigo de opinión en que se fala, como complemento da noticia sobre a despedida en Vigo dos soldados do 21, da desgracia de enviar os mozos galegos a Marrocos.

-“La repatriación del batallón expedicionario de Murcia. Ante la posibilidad de una injusticia”. (3/10/22) Artigo de opinión en que se critica a inxustizade que "si esto se realizara y las apariencias no son de otra cosa, el batallón de Murcia, a quien por el orden de su llegada a Africa corresponde ahora el segundo lugar en la repatriación, quedaría injustamente postergado". Inclúe ó final e noutro tipo de letra unha nota da comisión de pais de soldados.

-Editorial: “Sigue con energía la campaña para evitar que el batallón de Murcia sea postergado en la repatriación. El pueblo de Vigo y sus soldados” (5/10/22). A metade da páxina dedicada á debatida cuestión da repatriación de soldados do batallón de Murcia. Nun primeiro apartado, ocupando dúas columnas e con tipografía maior e máis clara, aparece un editorial do *Galicia* sobre o tema. Resumimos: "Galicia, que en su número del domingo dio la voz de alerta frente al peligro de postergación en que se halla Murcia ve con profundo agrado la energía de la campaña que, iniciada por los padres de los soldados expedicionarios ha adquirido ya estado popular y es secundada por todos los

organismos locales". Inclúe ademais unha crónica informativa do desenvolvemento da asemblea de pais celebrada o día anterior e mais os telegramas enviados ós ministerios madrileños. Carta final do alcalde ó Goberno.

-Noticia e opinión: "El batallón de Murcia será incluído en la próxima repatriación. Esta comenzará el día 10" (6/10/22). Letra cursiva e de menor tamaño ca outras informacións para confirmar a repatriación inminente do Batallón de Murcia. Salientamos que os datos máis importantes van destacados en letra negra. Reproducimos o parágrafo final, de índole editorial: "Galicia, que siempre ha tenido en sus columnas una vibración generosa para la defensa de los soldados expedicionarios y en contra de su prolongada permanencia en las inhóspita tierras magrebina se congratula con honda y sentida emoción de la fausta nueva que hoy devolverá la pérdida alegría a los hogares". Xa en letra plana inclúese ó final da noticia unha nota cunha acusación de plaxio.

-“Otra página gloriosa: y como todas, ensangrentada. Ante el endurecimiento de la guerra” (24/08/23): Vigo y la campaña. El batallón de Murcia y los expedicionarios de Zaragoza. Las mujeres vigueses no quieren la guerra. La plantilla del batallón expedicionario del 37. Otras notas. Más soldados de Zaragoza a Africa. Una felicitación. Editorial e Noticia. "Con toda franqueza, lo confesamos: nos ha escandalizado la marcha triunfal con la que los chinchineros de la patriotería han acompañado la entrada en Tifarauin de las tropas españolas. Y los ha escandalizado porque la gesta no tiene el valor que quieren darle sus panageristas...".

Estes son algúns temas destacados do tratamento informativo do conflito bélico entre España e Marrocos. Hai moitos máis pero o elenco resultaría inacabable xa que, como vimos avalando cos datos presentados, a guerra no Rif ocupa moitísimas páxinas do xornal de Paz Andrade. Resumindo a toma de posición do *Galicia* atopamos un artigo de opinión de Manuel Lustres Rivas do 3/06/23 quen titula: "En África está la ruina de España. La guerra, siempre la guerra". Nun momento de especial conflictividade social, a fenda aberta polas tropas de Abd-el-Krim na moral das tropas e, en consecuencia, na opinión pública española, resulta innegable. A cabeceira viguesa, profundamente marcada polos problemas e arelas da sociedade do seu tempo, quixo ser eco da insatisfacción popular e, á vez, canalizar as súas demandas. As campañas de mobilización social articuladas polo xornal resultan, deste xeito, un dos mellores exemplos de xornal moderno que non só quere ser espello senón axente creador de opinión e de transformación social nunha sociedade en que a modernidade entraba con paso firme. O Vigo dos anos vinte, marcado polo incipiente despegue industrial (en que Paz Andrade terá un nome propio) e a influencia cosmopolita chegada polo mar dende América e Europa, constituía un mercado de gran demanda de información.

Nesta conxuntura, o *Galicia* soubo, non só abastecer con noticias senón crear un estado de opinión crítico cos estamentos políticos polo grave deterioramento que nese momento histórico estaba a sufrir a economía e política española. Constitúe así un xornal moderno que se afasta da tradición opinativa do xornalismo do século XIX e que avanza por xéneros informativos e interpretativos mediante os cales a realidade permanece suxeita a novas interpretacións. Podemos afirmar que o tratamento da guerra de Marrocos resulta o máximo expoñente desta concepción xornalística baseada na busca da verdade a nivel informativo e na toma de posición crítica a nivel opinativo. Deste xeito, a conformación dunha conciencia crítica na opinión pública será un dos grandes pasos adiante dados por esta cabeceira, polo cal pode considerarse un dos paradigmas mediáticos nestes douscentos anos de historia do xornalismo galego.

## BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: “A prensa galega na idade contemporánea” en *Galicia. Historia*, tomo VI. Hércules Edicións, A Coruña.

DE LA PEÑA SANTOS, ANTONIO E OUTROS: *Historia de Vigo*, Vía Láctea editorial, A Coruña, 1999, p.305.

LÓPEZ GARCÍA, Xosé e ANEIROS DÍAZ, Rosa: “O modelo xornalístico do Galicia” en LÓPEZ GARCÍA, Xosé (coord): *Estudios críticos do xornal Galicia*, Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela (inédito).

LÓPEZ GARCÍA, Xosé e PÉREZ PEREIRO, Marta: “Liña editorial e implicación social da cabeceira” en LÓPEZ GARCÍA, Xosé (coord): *Estudios críticos do xornal Galicia*, Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela (inédito).

PIÑEIRO, RAMÓN: “Presencia de Valentín Paz Andrade no galeguismo” en VAA: *Paz Andrade. Homenaje. Academia Galega das Ciencias*. Pontevedra: Deputación provincial de Pontevedra, 1991, p. 90.

SEOANE, M.C. e SÁIZ, M. D.: *Historia del periodismo en España. (3. El siglo XX: 1898-1936)*. Madrid: Alianza Universidad, 1996; p. 288.

VV.AA.: Entrada Paz Andrade, Valentín en *Gran Enciclopedia Gallega*. Santiago, 1974; p.90.

VV.AA.: “As temáticas do Galicia” en LÓPEZ GARCÍA, Xosé (coord): *Estudios críticos do xornal Galicia*, Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela (inédito).

VV.AA.: *Base de datos do xornal Galicia*, Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela (inédito). Base de datos informática.

VIEJO VIÑAS. Raimundo: “As institucións políticas. Breve contexto histórico-político da Galicia dos anos vinte” en LÓPEZ GARCÍA, Xosé (coord): *Estudios críticos do xornal Galicia*, Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela (inédito).